

"NON ACEPTAREMOS QUE SE INVADA A REDE NATURA NIN QUE SE CONSTRÚAN MÁIS PRESAS NOS RÍOS"

Por Belén Rodríguez

Ramsés Pérez



- **Como cre que pode afectar o cambio de goberno ao eido ambiental?**
- Gañou o mesmo partido político que gobernou Galiza durante 16 anos nos que non demostrou ningunha sensibilidade ambiental. Ou este é un PP totalmente reformado, ou non é para estar moi confiados. Núñez Feijoo xa estaba no anterior goberno no que se aprobou (en funcións) o Plano Sectorial de Tecnoloxía Alimentaria, o chamado "Plano Acuícola", no que se desprezaba totalmente a Rede Natura e polo que vendían o litoral galego ás empresas internacionais.
- **Que se gañou co bipartito en materia ambiental?**
- Comparando coas anteriores, esta lexislatura foi bastante positiva, ao menos no que se refire ao establecemento de diálogo entre Administración e os ecoloxistas. O noso papel é ser esixentes coas políticas que afectan ao medio e opuxémonos a moitas cousas, o que non quita que poidamos analizar as diferenzas con obxectividade. Quizais non fomos capaces de influír nalgunhas decisións adoptadas polo bipartito, pero déusenos a oportu-
- **Ademais do Departamento de Medio Ambiente, houbo vontade ambiental nos demais?**
- Si, a Consellaría de Medio Rural impulsou políticas moi favorábeis ao medio ambiente como a creación das Unidades de Xestión Forestal (UXFOR), o Banco de Terras ou os Grupos de Desenvolvemento rural, onde se dá voz por primeira vez a todos os actores sociais do territorio.
- Tamén a Consellaría de Cultura, nomeadamente a D. X. de Patrimonio, prestou oídos ás denuncias de ADEGA en moitas ocasións. Noutros casos non chegamos a tempo, como no do Círculo Lítico da Mourela, nas Pontes.
- **E que actuacións destacaría de ADEGA na pasada lexislatura?**
- Concentramos moitos esforzos na problemática do Plano Acuícola por ser un planeamento que só contemplaba a acuicultura en terra, obviando a mariña e o coidado e rexeneración das rías. Por outro lado, iniciamos a lexislatura con bo pé, xa que o Parlamento aprobou a Iniciativa Lexislativa Popular en Defensa dos Ríos, aínda que logo lamentamos que non tivera máis aplicación. E destacamos tamén as nosas accións educativas, ao par que reivindicativas.
- **Que continuidade van ter esas reivindicacións a partir de agora?**
- Con respecto ao Plano Acuícola, xa aprobado, ADEGA alegará a cada unha das plantas proxectadas, as cales deberán pasar unha avaliación de impacto ambiental. Tamén estaremos vixiantes para que non se invada a Rede Natura baixo ningún concepto. Galiza recibiu moitos millóns de Fondos de Cohesión por pertencer ao "club dos europeos", o que implica respectar as normas comunitarias.
- No tocante aos ríos pensamos que xa é hora de dismantelar presas. Estámonos a opoñer ás concesións hidroeléctricas que se están a licitar por parte do Estado na Ribeira Sacra, e enfrontarémonos ás que veñan promovidas tamén nas bacías de Galiza-Costa.
- **Prevé que se establezan novos aproveitamentos nas bacías de competencia autonómica?**
- É moi probábel. Hai concesións pendentes de aprobar promovidas por fortes empresarios como Villar Mir, quen foi levado aos tribunais pola Xunta do bipartito pola catástrofe ambiental no río Xallas. Agora gobernan "os seus".
- **ADEGA vai pedir a interlocución co Sr. Núñez Feijoo. Que agarda dese encontro?**
- Primeiro, que nos reciba. Logo, presentárolle as nosas propostas e reclamacións en todas as materias ambientais relevantes para o noso país, baseadas na necesidade do autoabastecemento a partir dos nosos recursos. E, por suposto, apoiaremos a lingua galega porque é parte do patrimonio que nós defendemos.